

# UN POETA

Simón Mesa Soto, 2025

# 1719

ESTREA EN NUMAX: 15.04.2026 | V.O. | +16 | 120 min

Óscar Restrepo, o poeta do título, non foi quen de estar á altura dos seus prometedores inicios na literatura e sobrevive como pode dando aulas nun instituto e coidando da súa nai. En Yurlady, unha das súas alumnas, descobre un espírito afin, un diamante en bruto da poesía.

«Unha subsersiva traxicomedia repleta de humor negro e un gran corazón»

Diego Batlle, OTROS CINES



## Entrevista con Simón Mesa Soto: «A película xurdiu do desexo de crear algo libre, sen moldear, cun espírito case punk»

**De onde nace esta historia dun vello poeta fracasado? Que querías explorar?** É o meu proxecto máis privado. Todo empezou cunha pregunta íntima: e se eu mesmo son un artista fracasado? Facer cinema en Colombia é terriblemente difícil, e despois da miña primeira longametraxe expúxenme seriamente deixalo. Víame con cincuenta anos, gañándome a vida como profesor —no fondo segue sendo o que me dá para comer— e vivindo grazas ao recordo idealizado dun pasado artístico. Tamén quería explorar a arte desde dentro: que significa crear, que limitacións conleva, que concesións esixe. A película xurdiu dun certo desencanto do sistema artístico e do desexo de crear algo libre, sen moldear, cun espírito case punk. Foi unha forma de volver conectar co que unha vez significou para min o cinema. E no canto de retratarme a min mesmo como cineasta, elixín a figura dun poeta, porque ser poeta é aínda máis utópico, se cabe.

**A película interrógase arredor de que é e para que serve a arte, e explora esas cuestións a través da poesía, a forma de arte menos industrial que existe.** Acotío vemos a arte como algo elevado, pero tamén é unha industria, mesmo cando é independente. No cinema, por exemplo, hai un mercado que dita que é o que espera ver o público, e hai certos patróns que se repiten, especialmente no cinema latinoamericano. En tanto que artista, tes que decidir se satisfacer esta demanda externa ou pensar que é o que de verdade te motiva. Eu quería volver a algo máis puro: unha forma de arte crúa e visceral, menos mecánica. Aí é onde intervéñ a poesía. Non foi unha elección estratéxica, senón unha corazonada. Na miña cidade, Medellín, coñezo a moitos poetas que non encaixan nos moldes establecidos. Teñen rúa, son punks, xente real, e resultábanme máis fascinantes que a figura dun director de cinema. A poesía ten unha calidade anacrónica: dá a sensación de que segue existindo no pasado, e ese aspecto marcóume á hora de contar esta historia. Por exemplo, os recitais de poesía parecen case atemporais, alleos á idea da arte como algo utilitario ou comercial. E nese mundo hai contradicións e un humor moi característico que quería explorar a través dunha comedia escura.

**O vínculo entre Óscar e Yurlady é central na película. Que querías explorar a través da súa relación profesor-alumna? Hai unha especie de salvación mutua?** Si, sen dúbida. Con esa relación quería explorar varios dilemas que me suscita a práctica artística, especialmente nun país como Colombia, onde as desigualdades sociais son tan acusadas. Na arte, e en concreto no cine, opera moitas veces unha lóxica pola cal o creador, desde unha posición máis privilexiada, transforma o “outro”, o personaxe menos privilexiado, na materia prima da súa obra. Isto expón unha pregunta incómoda: como representar a ese “outro” sen desposuílo da súa verdadeira esencia? A relación entre Óscar e Yurlady axudóme a abordar esa cuestión, xa que ela non é nin unha figura idealizada nin un prodixio literario, senón que escribe simplemente porque lle gusta, porque o necesita. El, pola súa banda, é un home canso, desilusionado. Cando se atopan, creo que se iluminan mutuamente: ela encarna unha forma de arte máis pura e libre, menos contaminada polo mercado ou pola necesidade de validación. E iso fai que el se enfrente ao que perdeu. De modo que, si, hai unha especie de salvación mutua, pero non nun sentido romántico, senón máis ben como unha oportunidade de volver conectar co que de verdade é importante.